

**APARCAMENTOS DISUASORIOS PARA O
FOMENTO DO VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADOS Á
IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS NAS
CIUDADES GALEGAS. AVENIDA DE BREOGÁN**

CLAVE: LU/22/217.06

1. Obxecto da Actuación

O obxecto do presente proxecto é definir, xustificar e valorar as obras necesarias para a construción dun aparcamento disuasorio na Avenida Breogán, dentro do tecido urbano da cidade de Lugo.

Deste xeito, coa dotación de aparcamentos disuasorios nas zonas próximas ás principais vías de entrada ás cidades de Galicia e conectados coa rede de servizos de transporte público colectivo, pretenderse minimizar a necesidade de acceder as ditas cidades en vehículo privado, contribuíndo desta forma á implantación de zonas de baixas emisións nas mesmas.

Os aparcamentos proxectados estarán conectados coas plataformas reservadas para o transporte público e con itinerarios peonís e ciclistas, para fomentar a mobilidade sostible, facilitando o acceso desde os aparcamentos disuasorios ás estacións intermodais, e fomentando o uso compartido de vehículos e outros sistemas de transporte de baixo impacto ambiental. Tamén disporán de puntos de recarga eléctrica, puntos de alugueiro de bicicletas, zonas verdes e outros sistemas de redución, captura e/o compensación de gases de efecto invernadoiro.

2. Plan de Estradas

As estradas/rúas nas que se proxectan as actuacións son de titularidade local.

3. Descrición da Actuación

O aparcamento disuasorio asociado á Avenida Breogán na cidade de Lugo, sitúase adxacente a esta avenida e a rúa Orquídea, no oeste do tecido urbano e próximo ao nó viario entre a estrada N-VI e a N-540; conectando de xeito sinxelo coas vías de alta capacidade Autovía A-6 (A Coruña-Madrid), A-54 (direccións Santiago – Pontevedra) e o corredor Nadela – Sarria – Monforte, a través da glorieta de Nadela. Configúrase cun dobre acceso, un ao N (rúa Barrio Casas), para mellorar a accesibilidade ao aparcamento e asociado a tráfico de orixe-destino ao interior da cidade de Lugo, e outro ao S con entrada e saída á Avenida Breogán, pensado como acceso principal e asociado a tráfico con orixe ou destino fóra da cidade de Lugo.

O aparcamento está dimensionado con 3 eixes viarios:

- Un eixo principal de 70 m de lonxitude que vertebra o aparcamento.
- Un eixo perimetral que vai dende a entrada do aparcamento na Avenida Breogán, polo perímetro sueste-este-nordés ata a saída do mesmo á rúa Barrio Casas.
- Un eixo central, que conecta o eixo perimetral e o principal no punto medio de ambos os eixos.

Procederáse tamén, a renaturalización dun leito innominado que actualmente discorre parcialmente entubado pola parcela; a reconfiguración da rúa de acceso norte ao aparcamento (rúa Barrio Casas) para dotala dunha sección transversal axeitada e a execución de beirarrúas na avenida de Breogán naquelas zonas adxacentes ao aparcamento .

4. Características técnicas

Superficie de ocupación: 4.430 m²

Prazas de aparcamento: 148

- Prazas xerais: destinadas a vehículos lixeiros, de 2,5 m de anchura e 5 m de lonxitude, colocadas en batería a 90°, permitindo a maximización do espazo.
- Prazas de mobilidade reducida (PMR): cumprindo a Orde TMA 851/2021, disporase unha praza PMR cada 40 prazas de aparcamento (total: 4 prazas), cunhas dimensións de 2,50x5,00 m, cunha banda de aproximación e transferencia libre de 1,50 m de anchura adxacente á praza de aparcamento, todo iso coherente coas disposicións da citada Orde TMA 851/2021.
- Prazas para vehículos eléctricos: disporase unha praza de recarga por cada 30 prazas de aparcamento (total: 5 prazas).

Viais: os carrís de circulación/manobra terán un ancho de 6,00 m. Os viais interiores que non dispoñan de prazas de aparcamento nas súas márxenes, serán de 3,50 m de ancho, con excepcións puntuais nos carrís de xiro. Os radios de xiro estarán entre 5 e 8 m. Todos os viais, unha vez superados os accesos, configúranse con circulación unidireccional, con prazas de aparcamento en todo o perímetro e dúas illas de prazas de aparcamento enfrontadas.

As pendentes lonxitudinais serán inferiores ao 6% e as transversais ao 2%.

Sección transversal rúa Barrio Casas: execución de dous carrís por sentido de 3,00 m de anchura e beirarrúas en ambas as marxes de 1,80 m de anchura.

Firmes e pavimentos:

Viais: 20 cm de formigón HF-4,0 con xuntas sen pasadores, con acabado fratasado con malla electrosoldada de aceiro B500T diámetro 8 mm e espaciamento de 15x15 cm.

Franxas peonís: franxas paralelas ás prazas de aparcamento para circulación peonil e manobra, cunha pavimentación diferenciada de 20 cm de formigón HF-4,0 con xuntas sen pasadores, con acabado desactivado e malla electrosoldada de aceiro B500T diámetro 8 mm e espaciamento de 15x15 cm.

Prazas de aparcamento: laxas de celosía formigón-césped executada "in situ", con 15 cm de espesor de formigón HF-4,0 sobre unha cama de 4 cm de area compactada estendida sobre 30 cm de subbase de grava e grava miúda 2/22 /2/32 sen finos e separadas mediante un filtro geotextil. Os ocós da celosía de formigón rehearanse con substrato de terra vexetal sementada.

Beirarrúas e zonas de tránsito peonil: baldosa hidráulica encintada cun bordo de formigón prefabricado, tipo C5 ou equivalente, sobre unha capa de 5 cm de morteiro de cemento, que descansará sobre unha base de formigón en masa HM-20 de 10 cm de espesor.

Luminarias: iluminación intelixente con sensores de presenza. Luminarias modelo VEKA da casa Carandini ou equivalente. Trátase dunha luminaria de armadura en fundición inxectada de aluminio, con acabado en pintura de poliéster (po de cor branca) e peche de vidro. A altura de montaxe é duns 10 m e a interdistancia aproximada duns 20 m.

5. Poboación Servida

Lugo: 97.613 hab.

TOTAL: 97.613 hab.

6. Concellos Afectados

Lugo

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 10 en pleno dominio. A superficie de expropiación definitiva é de 7.415,94 m².

Expropiacións e bens afectados: 35.908,73 €.-

Premio afección 5%: 1.795,44 €.-

Total expropiacións e indemnizacións: 37.704,17 €

INDEMNIZACIONES 1.300,00 €

TOTAL VALORACION 37.704,17 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE): 1.024.851,27 €.-

Expropiacións e indemnizacións: 37.704,17 €

Servizos afectados: 7.500,00 €.-

Seguimento e control ambiental: 5.700,00 €

Orzamento para coñecemento da administración: 1.075.755,44 €.-

10. Orzamentos por concello

Concello	Orzamento %
Lugo	100%

Plano de situación e seccións:



